



A Roda a empezos dos anos vinte

A RODA, FIN DE SIGLO

↓ Everardo Fernández González

Verardo, que mui ben podíamos considerar como el noso corresponsal nel lugar tapiego da Roda, mándanos un repaso dos momentos máis importantes pral sou poblo, dende a construcción da escola ou el Centro Cultural hasta as últimas actividades del movemento asociativo que tanto gruma allí. Detalles, al cabo, da hestoria pequena da nosa xente.

Poñer todo lo que pasou na Roda nel siglo pasado –meyor dito nel que ta acabando de pasar– é imposible porque seguramente nun mo iban publicar na revista por falta d'espacio, que nun soi eu solo el qu'escribo. De todos os xeitos, nun se m'amaña pasar sin contar algo de lo máis importante que pasou. Digo algo; prá próxima, algo máis se me dan oportunidadá.

Empezaré dicindo que condo empezou el 1900 taba A Roda sin carreteras, sin escolas, sin Centro Cultural, sin a igreia da Roda. Tía, eso sí, úa cousa importante qu'hoi nun ten: a feria. Nos comenzos de 1929 foi condo pasou a carretera As Figueiras-Llagar, que parece ser a primeira meyora importante que se conocéu. Ademáis das cousas que ye faltaban y xa dixen primeiro, tampouco nun tía instalación de lluz, auga nin teléfono, nin cuartos de baño nas casas nin muitas máis cousas que, de nombrallas todas, feirían un llibro.

De 1926 a 1934 fixéronse a escola, a Igreia y el Centro Cultural, todo col trabayo y as aportaciós dos vecíos, sin axudas oficiais, según cuntan os que yes tocóu poñer el hombro. Hai que destacar a muita axuda que deu el americano de Llomba, D. Servan-

do Villamil, y a donación da terra que cedéu prá Igreia y a Escola.

A igreia y el cementerio parroquial del Monte, a us quilómetros da Roda, tían un servicio de lo máis pésimo hasta 1949 condo se fexo a carretera dende Os Carbayíos que yes deu media vida, gracias ás xestíois esta vez de D. Ramón Bermúdez, da Pedreira, que taba daquela d'alcalde. Nun taba miga bon de conseguir fer úa carretera naquel entoncos, pro Pedreira conseguíulo. Querse dicir qu'á nosa xeneración déronnoslo todo feito; a nosoutros tócanos conservallo.

A preparación cultural na parroquia foi tamén a partir de 1920 condo empezou a xurdir, xa qu'a principios del siglo, según investigaciós de D. José Luis Pérez de Castro, úa terceira parte da población era analfabeta. Según os datos que temos, foi Emilio López (*Milio d'a Roda*) el primeiro qu'empezou carreira, que nun chegou a acaballa por que moríu en plena mocedad.

Al falar d'Emilio nun quero pasar sin ter tamén un recordo pra él. A través das poesías que deixou podemos saber que xa en 1924 había teatro nel lugar. Úa das muitas qu'escribíu, unde podemos ver a súa forma de pensar, dice así:

*Espectadores las gracias os damos
por los favores que nos concedéis,
en vuestras palmas ruidosas notamos
que los proyectos nuestros conocéis.
Si de vosotros alguno no sabe
cuál es el móvil que aquí nos conduce
hoy le damos en verso la clave
tal como nuestra bondad nos lo induce.
Son los más grandes y nobles motivos
que imaginar se pudiera ¡oh, señores!
Al sufrimiento dan un lenitivo
con chistes amenos y educadores.
Son los motivos de que el teatro sea
esa esplendente y luminosa tea
que las tinieblas del alma deshace
y da instrucción al que así lo desea.
Aunque por nuestra impericia nosotros
dice que alguna afición despertamos.
El deseo nuestro grande y ferviente
es que a esta luz de cultura y progreso
le demos todos afición creciente
sin temer nunca que sea con exceso.
El teatro es
brillante luz
del pesar pues
destruye el feo capuz,
ilumina intelectos
y fulmina contra los defectos.*

Podemos seguir el noso recorrido cuntando, poño por caso, lo que nos costó a os da nosa edá desfernos dos nosos costumbres, as penurias que tuvemos que pasar pra evolucionar, pra cambiar: deixar de llabrar trigo y meiz. Pensábamos qu'íbamos morrer de fame os que nun tíamos medios pra modernizarnos y poñernos á altura dos demáis. Créditos nun los podíamos pidir porque nun tíamos con qué responder y muitos tuvemos que cambiar de trabayo y deixar a llabranza pra poder xurdir hasta chegar á




Un momento da entrega en Tapia del "Requesón de honor" 1999 a tres personas da Roda

xubilación. A meyo-ra foi mui importante pro, pra chegar hasta ella, *roncóuye a pionza*. Dícenos algún d'esos llistos qu'a lo bon axina s'aveza ún, eso é verdá, pro el bon hai que fello y de papo nun nos cayéu nada.

O u t r o s
avezos tamén nos deron muito que roer: condo éramos nenos os qu'agora somos veyos, andábamos ás órdenes dos nosos padres; agora é al rovés.

Quero acabar con algo máis alegre y neste ano que salíu. *El Requesón de honor*, premio que s'entrega na Fería *Campomar* que se fai nel brao en Tapia, foi pra tres personas d'esta parroquia: a D. Ramón Sánchez (*del Gueiteiro*) y a D^a. Esperanza, viu-da de D. Valentín (q.e.p.d.), maestro que foi del Valle. A estos dous por ser os máis maiores, pro tamén yo deron a úa nena vecía de Santellos que se chama Eva. Eva é úa nena mui llista y mui querida por todos os que la conocemos. Non sólo disfrutá del cariño que ye temos senón qu'é úa gran deportista. En atletismo sacóu medaya de prata nel ano 1996 en Avilés y medaya de bronce en 1997 en Xixón. En natación sacóu medaya d'ouro na Felguera en 1997, dúas medayas de bronce en Vigo, outras dúas en Madrid y en Sevilla, y úa en Lluarca. En total, dez medayas na súa corta participación como deportista, cousa que merece el aplauso mais caloroso y qu'a xente de Santellos nos sintamos orgullosos d'Eva.

Acabo recordando lo del empezo: se a principios de siglo nun había nin carreteras nin ningúa cousa das que nombréi, hoi chegan á Roda sete carreteras, hai estación de tren y pode dicirse que nun falta de nada y qu'os vecíos son de lo máis colaborador que se pode ser. A proba ta en que se restauraron todos os edificios de valor que temos, incluído el Santuario del Monte, a Capiya de Faro, a escola, el Centro... A praza unde se fía a Fería tán remodelándola y vai quedar mui guapa. Espero mandar a foto desque teña acabada.

Tamén de cursillos tuvemos muito que contar. Actualmente ta dirixindo ún de manualidades Mari Carme del Horro, unde practican varias muyeres mayores que trabayan qu'é úa maraviya. A edá nun é motivo pra deixar de fer cousas, pero d'esto tamén hei a falar noutra ocasión, que nos queda máis d'un ano einda. 



Autorretrato de "Milio d'a Roda"